



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESPECTÁCULO PÚBLICO E ACTIVIDADE RECREATIVA DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

1.DATOS DO SOLICITANTE				NIF/CIF/ ou equivalente:
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:				
REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS:				NIF ou equivalente:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:				
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	PAÍS:	C. POSTAL:
TFNO. FIXO :	TFNO. MÓBIL:	FAX:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

2	TIPO DE ACTUACIÓN:
----------	---------------------------

3	DATOS DA ACTIVIDADE:
LUGAR:	
PARROQUIA:	REFERENCIA CATASTRAL:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:	
INDICAR SE O ESPECTÁCULO SE CELEBRA EN ESTABLECEMENTO PECHADO OU EN ESPAZO DELIMITADO AO AIRE LIBRE	
Nº DE ASISTENTES PREVISTO:	HORARIO:

4	DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN (Marque cun "x" a documentación xeral e a específica que se xunta)
CON CARÁCTER XERAL AS SOLICITUDES DEBERÁN ACOMPAÑARSE DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN E NO SEU CASO COA ESIXIDA, POLA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA APLICABLE (NO APARTADO OUTROS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN):	
☐ O proxecto e a documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se desenvolverán, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente. ☐ A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destas. (Seguro de responsabilidade civil do establecemento e seguro de responsabilidade civil para o evento extraordinario a realizar que cubra os capitais mínimos asegurables indicados no artigo 8.1 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro) ☐ O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/as ou arrendatarios/as ou en virtude de calquera outro título xurídico. ☐ O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos esixibles. ☐ Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable. ☐ Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso achegar, xunto coa documentación requirida as seguinte documentación: 1) O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación. 2) A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalación que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede. 3) Unha vez concluída a instalación, certificado subscrito por técnico competente. 4) Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa aplicable.	



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

OUTROS DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN:

- o
- o
- o
- o

5 DECLARACION RESPONSABLE:

O/A ABAIXO ASINANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE APORTA A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.
- Que se cumprirán os requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.
- Que dispón de título que lexítima a ocupación dos terreos onde se ubicarán a actividade de referencia e recabou todas as autorizacións sectoriais que fosen necesarias para o seu exercicio.
- Que se compromete a asumir a limpeza do recinto unha vez concluída a celebración do evento.
- Que se dará cumprimento aos límites no horario previstos na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas
- Que se dará cumprimento ás medidas sanitarias e de emerxencia e de seguridade que se requiran segundo o aforo estimado, conforme ao disposto no 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e constitúese o Rexistro de Empresas e Establecementos.
- Que para os efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorízase a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

O custo dos informes, das certificacións e das actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión será por conta dos/as solicitantes

NOTA INFORMATIVA: O artigo 69.4 da Lei 39/2015 do 2 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaón do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

En, a de de

Asdo.:

CONCELLO DE PONTECESURES é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE PONTECESURES, Avenida de Vigo, 2. 36640 (Pontevedra). Email: concello@pontecesures.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos